



Concello de A Mezquita

BANDO

D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde – Presidente do Concello da Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

Que o vindeiro sábado 2 de agosto, ás 18:30 horas, terá lugar unha manifestación nas inmediacións da antiga estación de tren de A Gudiña, convocada pola Plataforma Defensa ao Tren, co obxectivo de reclamar a recuperación das frecuencias ferroviarias suprimidas e a mellora dos servizos ferroviarios na comarca.

O tren non é só un medio de transporte senón un dereito da cidadanía e un elemento clave para garantir a dignidade das persoas que viven no rural. A súa supresión é unha discriminación inxusta que afecta á mobilidade, a igualdade de oportunidades e ao desenvolvemento do noso territorio.

[O pasado 9 de xuño de 2025 RENFE tomou a decisión de eliminar varios dos horarios de paso pola estación da Gudiña Porta de Galicia. Estas novas frecuencias supoñen que o tren deixa de ser útil na nosa comarca, tanto para os que vivimos nela, como para os que se desprazan a ela.

[Estanos enterrando en vida]

Por todo isto, dende o concello de A MEZQUITA animamos a toda a veciñanza a participar activamente nesta mobilización cidadá, para defender un tren útil, digno, accesible e de calidade para todas e todos.

Por parte do Concello da Mezquita estará a disposición dos veciñ@s un **AUTOBÚS** para a xente que o necesite, debéndose **ANOTAR** nas oficinas municipais. (988425541).

Porque defender o tren é defender o noso futuro, os nosos dereitos e a dignidade da nosa vila.

En A Mezquita.

O ALCALDE,
Asdo: Rafael Pérez Vázquez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

